



Ana Belén Fernández Dopazo, secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, CERTIFICO:

Que na reunión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra que tivo lugar o día 18/02/2014, deuse conta pola secretaria do Xurado, no punto 7 – 1º da orde do día, da adquisición pola CMVMC de Mos (Mos) das parcelas denominadas “ Campo de Abajo ” e “Campo de Arriba” limítrofes co Pazo de Mos, realizada despois da entrada en vigor da Lei 7/2012, de 28 de Xuño , de montes de Galicia, previa resolución de autorización da Administración Forestal (Exped. PO-01-ADTER/12)

No documento público de compravenda a parcela descríbese da seguinte forma:

Concello: Mos

Parroquia : Mos

Nome da parcela : “ Campo de Abajo ” e “ Campo de Arriba ”

Parcela 1

Cabida: 26.629,39 m²

Referencia Catastral : 36033A020003330000SQ

Lindes:

Norte: camiño da Rúa, Juan Jorge e finca denominada “ Palacio de Mos”, da Asociación Xuvenil “ Santa Baya” de Mos e parcela segregada rexistral número 22.524 (finca seguinte)

Sur: Indalecio Doural

Leste: camiño denominado de “España” e finca denominada “ Palacio de Mos” da Asociación veciñal “ Santa Baya” de Mos e parcela segregada rexistral número 22.524 (finca seguinte):

Oeste: herdeiros de Adriano Escudero, Jesús Álvarez , Constantino Lago , José Martínez, Jesús Vila e Delfina Montes.

Parcela 2

Cabida: 6.919 m²

Referencia catastral : 36033A020003330000SQ

Lindes:

Norte: Camiño da Rúa, Juan Jorge e finca denominada “ Palacio de Mos”, da Asociación Veciñal “ Santa Baya” de Mos.

Sur e Oeste: resto de finca matriz

Leste: camiño denominado “España” e finca denominada “ Palacio de Mos da Asociación Veciñal “ Santa Baya de Mos”



En consecuencia, vista a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Xurado acordou por unanimidade dos seus membros cualificar dita adquisición como monte veciñal en man común así como realizar as debidas comunicacións ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamentos de inscrición oportunos.

E para que conste, aos efectos oportunos, expídese a presente certificación en Pontevedra a dez de marzo de dous mil catorce.



Vº e prace:

O presidente do Xurado de Montes



Miguel Ángel Pérez Dubois



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES DUN EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE TERREOS FORESTAIS

Interesado: Manuel Barciela Martínez. Gándara núm. 119, 36415 Mos (Pontevedra)

Expediente núm.: PO-01-ADTER/12

ANTECEDENTES

1. O 7 de outubro de 2012 a comunidade de montes veciñais en man común de Mos aprobou en asemblea xeral extraordinaria por maioría dos comuneiros presentes, a compra dun terreo limítrofe co Pazo de Mos pertencente a Granxa Los Rosales S.L. e a Avirrojo S.L.
2. O 10 de outubro de 2012 Manuel Barciela Martínez, en calidade de presidente da comunidade de montes veciñais en man común de Mos, solicitou autorización para a adquisición do dito terreo.
3. O 2 de novembro de 2012 o xefe de área técnica de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra emitiu un informe que en síntese indica que a parcela se atopa edificada na actualidade, que nas condicións actuais non é susceptible de uso forestal e que as razóns xenéricas que esgrime a comunidade se corresponden co establecido no art. 57.3 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
4. O 6 de novembro de 2012 o xefe do Servizo de Montes de Pontevedra informou favorablemente a adquisición do devandito terreo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 57 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece no apartado 3 que "as adquisicións de terras por compra deberán ser motivadas pola comunidade veciñal titular no cumprimento dos seus fins, no interese xeral das persoas comuneiras, na defensa dos seus montes e dos seus accesos, no mellor aproveitamento dos recursos ou na mellora ou ampliación do monte veciñal en man común, e requirirá da autorización previa da



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
mediorural.montesgalicia@xunta.es

galicia

Administración forestal, que deberá resolver a solicitude de compra no período máximo de tres meses. As terras adquiridas mediante compra serán cualificadas polos respectivos xurados provinciais de montes veciñais en man común como montes veciñais en man común e non poderán ser obxecto de permuta por un período mínimo de vinte anos. No caso de adquisición por doazón, non será precisa a dita autorización.”

O artigo 57.5 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece que “as comunidades de montes veciñais en man común terán plena capacidade xurídica para a realización de actos e negocios xurídicos vinculados á adquisición de novos terreos que redunden no beneficio da comunidade veciñal”.

2. O artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece unhas cotas mínimas de reinvestimentos en mellora e protección forestal do monte (40 % de todos os ingresos xerados ou 100 % dos ingresos xerados a partir dos produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais). No cómputo dos ingresos obtidos hai que contabilizar os que proveñen de actos de disposición voluntaria, os procedentes de expropiacións forzosas ou calquera outro ingreso de natureza extraordinaria. As cotas de reinvestimento deberán investirse primeiramente na redacción ou na actualización do instrumento de ordenación ou de xestión obrigatorio, que deberá ser obxecto de aprobación pola Administración forestal, para a continuación dedicálas aos traballos programados no dito instrumento, para os custos en materia de servizos de xestión que a súa aplicación comporte ou para o seu deslindamento e posterior marcaxe. Unha vez que os ditos investimentos estean satisfeitos polas cantidades xeradas nos ingresos poderase reducir esta cota mínima, logo da aprobación da Administración forestal. Os ingresos sobrantes, unha vez aplicada a cota correspondente poderanse investir na adquisición de montes, que serán cualificados polos respectivos xurados provinciais de montes veciñais en man común como montes veciñais en man común.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Autorizar a adquisición do terreo forestal limítrofes co Pazo de Mos e pertencente a Granja Los Rosales S.L. e a Avirrojo S.L. por parte de comunidade de montes veciñais en man común de Mos, na provincia de Pontevedra.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
mediorural.montesgalicia@xunta.es

galicia

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante a conselleira de Medio Rural e do Mar no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, de conformidade co establecido no artigo 107 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, reformada pola Lei 4/1999.


Mediante este documento notificaselle a Manuel Barciela Martínez esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2012

O secretario xeral de Medio Rural e Montes



Tomás Fernández-Coufo Juanas



PLANO TOPOGRÁFICO CON COORDENADAS U.T.M.

ENCUENTRO TÉCNICO AGRÍCOLA SALCEDA DE CASERAS - Ruta Avenida nº 814/2 Teléfono: 33524812 E-mail: contacto@julio.es	PETICIONARIO	COMUNIDAD DE M. V. EN MAN COMÚN DE MOS
	FINCA	"CAMPO DE ABAJO" y "CAMPO DE ARRIBA"
	SUPERFICIE	33.560 m ² .
LOCALIZACIÓN	AYUNTAMIENTO MOS	
LUGAR PAZO	MOS	
FECHA	Nº DE PLANO	ESCALA
16/10/2012	3524812	1/1000
REALIZADO POR:		Ingeniero Técnico Agrícola Colegiado nº 733
		JULIO PIRENO BARROS
Datos relativos a límites y titularidad del terreno facilitados por el peticionario.		

REFERENCIA CATASTRAL
POLIGONO PARCELA
36033A02000333000050